

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Pola presente dáse publicidade do literal do Decreto núm. 624/2026 de 21-09-2026 no que se convoca a sesión ordinaria do Pleno do Concello

<<Descrición decreto: **EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE DÍA 24 DE SETEMBRO DE 2026**

EXPEDIENTE Nº 2026/G010/000013

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e o artigo 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes conclusos redactada pola secretaria xeral da Corporación o día 21.09.2026, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, e o artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Convocar a todas as persoas membro do Pleno da Corporación á **Sesión ordinaria** que terá lugar no Salón de Sesións da Casa Consistorial, o próximo **xoves día 24.09.2026 ás 12:00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no artigo 90 Real Decreto 2568/1986, entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO.- Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

- 1 LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES. SESIÓN ORDINARIA DE 30-07-2026 E SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE DE 17-09-2024**
- 2 EXPROPIACIÓN PARCELAS PARA A EXECUCIÓN DA OBRA MELLORA DE PISTA EN O GROBE" (EXPEDIENTE: 2026/U039/000006).**
- 3 EXPROPIACIÓN PARCELAS PARA A EXECUCIÓN DA OBRA MELLORA DO ACCESO DEESTEIRO Á GRAÑA " (EXPEDIENTE: 2025/U039/000002).**
- 4 DACIÓN DE CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA. (EXECUCIÓN DO 2º TRIMESTRE DE 2026)**



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- 5 DACIÓN DE CONTA DA REMISIÓN AO MINISTERIO DE HACIENDA DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2027.
- 6 MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL PSOE: TRANSPORTE URBANO.
- 7 MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL POSE: BONO CONCILIA 2026
- 8 ASUNTOS DE URXENCIA.
- 9 ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.
- 10 ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.
- 11 ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á secretaria xeral e á interventora municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, Ana Ramos Ramos, como secretaria xeral, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)>>.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola persoa funcionaria tramitadora así como pola Secretaria Xeral do concello de Ponte deume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do decreto 24/2018 do 15 de Febreiro).

